



## BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DA ESTRADA 2026

### 1. Finalidade e obxecto

O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de eventos e actividades culturais nas parroquias do Concello da Estrada e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, fomentando a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo de este xeito a impulsar a democratización da sociedade e fomentando a defensa dos valores de igualdade de xénero e a linguaxe inclusiva.

### 2. Beneficiarios

Entidades privadas sen ánimo de lucro, concretamente as asociacións legalmente constituídas, inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello da Estrada, que teñan o seu domicilio social e desenvolvan as súas actividades no Concello da Estrada.

### 3. Crédito orzamentario

No Orzamento Municipal para o ano 2026 aprobouse, polo Pleno Municipal, a partida orzamentaria 330.489.00 cunha consignación de 120.000 €.

### 4. Requisitos para solicitar a subvención

Entidades privadas sen ánimo de lucro, asociacións legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello da Estrada no momento da solicitude.
- Ter o domicilio social e desenvolver as súas actividades no termo municipal da Estrada.
- Os eventos a realizar deberán ter obxectivos e finalidades culturais.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello da Estrada para o mesmo obxecto para o que se solicita subvención, e no caso de non xustificar a totalidade do importe concedido renunciarase á parte restante.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias (ATRIGA, AEAT, Seguridade Social e Concello).





- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro

## 5. Solicitudes

As solicitudes formalizaranse nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal.

<https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0>

- **Anexo 1.** Solicitud de subvención
- **Anexo 2.** Memoria descriptiva
- **Anexo 3.** Declaración de outras axudas solicitadas e concedidas
- **Anexo 7.** Autorización de consulta de débedas

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na documentación achegada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da axuda ou subvención solicitada ou o reintegro, sen prexuízo das restantes responsabilidades que se deducisen.

## 6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

- As solicitudes e demais documentación presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do procedemento habilitado na Sede electrónica municipal <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.
- Só se poderá presentar unha solicitude por parroquia e terá que ser presentada pola Asociación de Veciños, Asociación de Mulleres Rurais ou pola Comisión de Festas debidamente constituída. Permitirase que a solicitude e demais documentación sexa presentada polo presidente ou representante debidamente acreditado.
- O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.
- As solicitudes, deben de estar axustadas ao modelo oficial (Anexo I), e deberán contar coa firma do representante legal da Entidade.
- A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, na prensa local e na páxina web do Concello da Estrada.
- A falsidade de calquera dos datos dará lugar ao arquivo do expediente, reservándose o dereito o Concello da Estrada a emprender as accións legais oportunas. Ter débedas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Atriga, Concello da Estrada e/ou calquera dos seus entes dependentes determinará a imposibilidade de conceder a subvención.





## 7. Comisión avaliadora

A valoración das propostas presentadas, con base nos criterios relacionados no punto anterior, efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída por persoal técnico do Excmo. Concello da Estrada.

A instrución deste procedemento levarase a cabo no Departamento de Cultura.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

## 8. Gastos subvencionables e criterios de avaliación

As subvencións ás entidades irán destinadas á realización de eventos e actividades culturais realizadas durante o exercicio 2026. Para maior concreción, considerarase:

**EVENTO:** todo tipo de actuación artística ou cultural aberta a toda a poboación, incluíndo as festas de carácter gastronómico de interese para o Concello. Non se inclúen neste tipo as xuntanzas meramente veciñais ou dos asociados.

### 8.1. Gastos subvencionables

Son aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

- Gastos de cachés de grupos ou artistas.
- Gastos de seguros para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita a axuda: responsabilidade civil e, se fose o caso, de cobertura de accidentes da actividade.
- Gastos de publicidade da actividade para a que se solicita a subvención.
- Gastos de alugueiro de megafonía, son, iluminación e infraestruturas imprescindibles e necesarias para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita a axuda, debidamente acreditados.
- Gastos para o desenvolvemento de actuacións culturais: alugueiros de palcos, carpas, pirotécnica, tarimas, actuacións de carácter cultural.
- Gastos de organización: empresas organizadoras e actividades e gastos correntes da entidade destinados á execución das actividades para as que se solicita a subvención.





## 8.2. Gastos non subvencionables

Son aqueles que non responden á natureza da actividade subvencionada.

- Os gastos de comida e bebidas.
- Os gastos correntes para actividades de carácter social, deportivo, tempo libre, promoción económica e/ou relacionadas coa saúde.
- Actividades formativas non vinculadas directamente a contidos artísticos, patrimoniais, culturais ou etnográficos.
- Financiamento de bens de inversión.

## 8.3. Criterios de Valoración

### a. Criterios xerais.

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á alcaldía-presidencia. Os proxectos poderán acadar un máximo de 100 puntos. 60 puntos mediante os criterios específicos de valoración e 40 puntos de valoración dos proxectos a criterio do comité avaliador, que terá en conta a transcendencia social do evento en termos de captación de público de fóra da parroquia en relación ao seu censo de habitantes.

A cantidade ou importe máximo a percibir por unha mesma entidade será de 5.000,00 €, non podendo superar esta o 50% do total do orzamento presentado. Esta subvención é compatible con outras axudas de entidades públicas ou privadas, agás as subvencións nominativas concedidas polo Concello da Estrada. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

### b. Criterios específicos

Cada proxecto será valorado conforme aos criterios de concesión das subvencións, que terán a seguinte ponderación:

Sesiões verbena anuais	
Descrición	Puntuación
1 día de festas	4
2 días de festa	6
3 ou máis días de festa	9





Sesiões vermú anuais	
Descrición	Puntuación
1 día de vermú	2
2 días de vermú	4
3 ou máis días de vermú	6

Contratacións de grupo ou grupos locais	
Descrición	Puntuación
Sí (indicar cales)	5
_____	
_____	
NON	0

Actividades de animación infantil que sexan de balde	
Descrición	Puntuación
Sí (indicar cales)	5
_____	
_____	
NON	0

Asistencia de público	
Descrición	Puntuación
Menos de 500 personas	4
Máis de 500 personas	6
Máis de 1000 personas	8

Antigüidade da festa e ou tradición	
Descrición	Puntuación
Menos de 25 anos	2
Máis de 25 anos	6





<b>Repercusión cultural (participación de agrupacións de folclore tradicional e uso do galego)</b>	
<b>Descrición</b>	<b>Puntuación</b>
Si (indicar cales)	6
_____	
_____	
NON	0

<b>Dispoñer de punto violeta de atención contra o acoso e as agresións sexuais no campo da festa</b>	
<b>Descrición</b>	<b>Puntuación</b>
Si (indicar cales)	5
_____	
_____	
NON	0

<b>Número de espectáculos programados</b>	
<b>Descrición</b>	<b>Puntuación</b>
Menos de 5	3
Entre 5 e 10	6
Máis de 10	10

## 9. Procedemento de avaliación de solicitudes

Para os efectos de asignar os fondos realizarase a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios sinalados no artigo anterior, propoñendo a adxudicación da subvención a aquelas que tiveran maior valoración, sen exceder, en ningún caso, o importe da dotación orzamentaria fixada nestas bases. A comisión avaliadora redactará unha acta puntuando as solicitudes de acordo cos criterios enumerados nas bases e propoñendo o importe a subvencionar, indicando se as entidades solicitantes cumpren os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

## 10. Publicidade, acordo de concesión e notificación

O extracto da convocatoria desta subvención publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para a súa publicación. A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación






obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación. Elaborada a proposta de concesión pola comisión técnica, darase traslado á Intervención para os efectos da súa fiscalización previo acordo de concesión. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

## 11. Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

- Realizar os eventos e actividades propostas. Os cambios deberán comunicarse previamente á súa xustificación para seren admitidos.
- Presentar as contas xustificativas e destinar as axudas aos fins para os que se concederon así como acreditar o cumprimento da finalidade proposta, xuntando o cartel e a programación da festa/evento.
- Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Facer uso do galego en toda a cartelería, publicidade e indicadores no día do evento.
- Facer constar a colaboración do Concello da Estrada en calquera comunicación ou publicación dos eventos e actividades desenvolvidas así como a información ou material de promoción cultural da entidade (para a actividade subvencionada) tendo que incluír o logotipo do Concello da Estrada (*carteis, impresos, anuncios, soportes electrónicos e audiovisuais, etc.*). Todo o material impreso debe ser revisado previamente polo Concello, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa, accesibles en [https://aestrada.gal/...](https://aestrada.gal/)  
*Exceptuando festas anteriores á publicación destas bases*



Cod. Validación: 3W0153/AERZNI/PN3RZ/025X6  
Corrección: <https://aestrada.es/electronica.gal>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 7 a 17





g. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

h. No caso de que algún dos eventos e actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

## 12. Xustificación e pagamento

As subvencións terán carácter prepagable nun 75 % do seu importe, que se aboará nunha primeira fase. Unha vez xustificada a totalidade da subvención no prazo establecido nas presentes bases, procederase, se é o caso, ao pagamento do importe restante.

### 12.1 Consideracións xerais

As solicitudes e demais documentación presentárase exclusivamente e de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto que estarán dispoñibles na Sede Electrónica do Concello.

Consonte ao artigo 21.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos **como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido** o cal sen que se produciise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique:

- Sexa igual ou superior ao importe concedido, aboarase o 100% da subvención.
- Sexa inferior ao importe concedido, fixado como límite o 50%, aboarase unicamente o gasto xustificando, véndose minorada a cantidade a percibir.
- Sexa inferior ao 50%, no se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non se aboará cantidade ningunha.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.





O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario.

## 12.2. Prazo de xustificación

O prazo de presentación da xustificación do 75% percibido con carácter prepagable rematará no prazo de 3 meses desde que se produza o pagamento. O resto da documentación xustificativa (25% restante) poderá ser presentada con posterioridade pero sempre **antes do día 1 de decembro**.

## 12.3 Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na cláusula anterior sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o departamento de Cultura requiriralle que o faga nun prazo non inferior a dez días nin superior a un mes.

Transcorrido o cal sen recibirse esta, procederase á incoación do expediente de reintegro.

Este expediente poderá tramitarse polo importe total, no caso de que non se xustifique a realización do gasto, se xustifique de forma inadecuada ou non resulte suficientemente acreditado; ou poderá tramitarse de forma parcial, cando o órgano competente considere que a actividade foi realizada, pero non se xustificaron gastos por contía suficiente que alcance o importe ou a porcentaxe subvencionada.

En calquera caso, o 31 de decembro de 2026, anularanse automaticamente todas as axudas pendentes de xustificación. O Concello resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo responsable da tramitación.

## 12.4. Documentación xustificativa a presentar:

A xustificación formalizarase nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal.

<https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0>

- Anexo 3.** Declaración doutras axudas solicitadas e concedidas.
- Anexo 4.** Declaración clasificada de gastos
- Anexo 5.** Conta xustificativa
- Anexo 6.** Memoria descritiva e gráfica onde quede acreditada a realización do evento

### -Documentación complementaria:

- Certificado da conta bancaria da entidade.





- Certificados de estar ao corrente coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e Concello da Estrada (*éste último consultarase de oficio pola entidade local, non sendo precisa a súa presentación*).
- Facturas orixinais polo importe concedido e xustificantes bancarios do seu pago. (*No caso de presentar os gastos de persoal como xustificantes será preciso xuntar: contrato en vigor, informe de vida laboral, nóminas e TC2 Seg. Social*).
- Acreditación do uso do logotipo do Concello da Estrada en cartelería, web, redes sociais, outras.

### 13. Publicación

A documentación relacionada con este procedemento de concesión de subvencións para as entidades culturais mediante concorrencia competitiva Concello da Estrada 2026 publicárase no Taboleiro de anuncios municipal na Sede Electrónica municipal e na BNDS.

<https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0>

Da documentación que se publique no Taboleiro de anuncios, realízase así mesmo publicación, con carácter meramente informativo, na páxina web municipal: [www.aestrada.gal](http://www.aestrada.gal)  
A data de publicación na Sede electrónica municipal será a determinante para os efectos dos distintos cómputos de prazos de presentación de subsanacións, alegacións ou recursos.

A CONCELLEIRA  
**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE**





## ANEXO 1: SOLICITUDE

<b>PARROQUIA DE:</b>	
----------------------	--

<b>SUBVENCIÓNS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DA ESTRADA 2026</b>	<b>SOLICITUDE</b>
--	-------------------

### DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome ou razón social:		
N.º CIF/NIF:	Correo electrónico para os efectos de notificación telemática:	
Enderezo para os efectos de notificación:		
Código postal:	Localidade:	Provincia
Teléfonos:		

### DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome e apelidos:		
N.º DNI:	Correo-e:	
Enderezo:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Teléfonos:	Cargo na entidade:	

### A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- A entidade está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións Municipal e ten o domicilio social e desenvolve as súas actividades no Concello da Estrada.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a entidade que represento reúne todos os requisitos das bases e extracto, e acepta o seu contido.

### DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA: (Marcar cun "X")

- Anexo 1.** Solicitude de subvención
- Anexo 2.** Memoria descriptiva
- Anexo 3.** Declaración doutras axudas solicitadas e concedidas
- Anexo 7.** Autorización de consulta de débedas

### SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

En..... a .....de .....de 2026

## ANEXO 2: MEMORIA DESCRIPTIVA







<b>PARROQUIA DE:</b>	
----------------------	--

<b>SUBVENCÍONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURALS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DA ESTRADA 2026</b>	<b>DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS</b>
--	-----------------------------------

D./Dna. .... en calidade de representante da entidade ..... con n.º de CIF/NIF .....

**DECLARO**

Que as axudas/subvencións que lle foron concedidas á entidade que represento no 2026 foron destinadas á realización dos fins para os que foi concedida.

- O **NON** solicitou NIN recibiu ningunha outra axuda ou subvención pública ou privada para a mesma finalidade.
- O **SI** ten Solicitado e/ou Concedidas outras axudas e subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- O **Autorizo** a comprobación de datos nos Boletíns Oficiais doutras administracións.

Relación de axudas solicitadas		euros
		euros
		euros
Relación de axudas concedidas		euros
		euros
		euros

E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data indicados

LUGAR E DATA:	
En.....a.....de.....de 2026.	SINATURA

**ANEXO 4:**





## RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS

<b>PARROQUIA DE:</b>	
----------------------	--

<b>SUBVENCIÓNS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DA ESTRADA 2026</b>	<b>RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS</b>
--	---

D./Dna. .... en calidade de representante da entidade .....  
con n.º de CIF/NIF .....

### DECLARO

- Que os documentos contables relacionados na presente declaración responsable foron aplicados á actividade subvencionada.
- Que a entidade asume o compromiso de **non** utilizar os documentos que relaciona na presente declaración para xustificar ningunha outra subvención.
- Que a relación dos gastos presentados para xustificar a subvención concedida polo Concello da Estrada no 2026 é:

N.º DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	PROVEDOR/A (indicar NOME E CIF/NIF)	CONCEPTO	DATA DO PAGO	IMPORTE

E para que así conste, asino a presente relación no lugar e data indicados

<b>LUGAR E DATA:</b>  En.....a.....de.....de 2026.	<b>SINATURA</b>
--	-----------------

### ANEXO 5:





### CONTA XUSTIFICATIVA

<b>PARROQUIA DE:</b>	
----------------------	--

<b>SUBVENCIÓNS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DA ESTRADA 2026</b>	<b>MEMORIA E RELACIÓN DE GASTOS E INGRESOS</b>
--	--

D./Dna. .... en calidade de representante da entidade .....  
con n.º de CIF/NIF .....

**DECLARO**

BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que se **realizaron as actividades programadas** en base á axuda recibida do Exmo. Concello de A Estrada para este ano.

RELACIÓN DE GASTOS E INGRESOS

**GASTOS**

CONCEPTOS	FACTURAS (número e data)	IMPORTE
<b>TOTAL</b>		

**INGRESOS**

CONCEPTOS	IMPORTE
<b>TOTAL</b>	

E para que así conste, asino a presente relación no lugar e data indicados

LUGAR E DATA:	
En.....a.....de.....de 2026.	SIGNATURA

**ANEXO 6:**





## MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA ONDE QUEDE ACREDITADA A REALIZACIÓN DO EVENTO

<b>PARROQUIA DE:</b>	
----------------------	--

SUBVENCIÓNS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DA ESTRADA 2026	MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA ONDE QUEDE ACREDITADA A REALIZACIÓN DO EVENTO
--	---

D./Dna. .... en calidade de representante da entidade .....  
con n.º de CIF/NIF .....

### DESCRIPCIÓN DO EVENTO

Deberanse xuntar fotografías e carteis para xustificar a descrición do evento

E para que así conste, asino a presente memoria no lugar e data indicados

<b>LUGAR E DATA:</b>	
En.....a.....de.....de 2026.	SINATURA

### ANEXO 7:





### AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DÉBEDAS

<b>PARROQUIA DE:</b>	
----------------------	--

<b>SUBVENCÍONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DA ESTRADA 2026</b>	<b>AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DÉBEDAS</b>
--	--

### AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA RECABAR DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA, DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL E DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA RELATIVOS Á SITUACIÓN DÉBEDA

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, en calidade de \_\_\_\_\_ da entidade \_\_\_\_\_ con CIF \_\_\_\_\_, en relación ao expediente denominado **“SUBVENCÍONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DA ESTRADA 2026”**

- AUTORIZO** ao Concello de A Estrada a solicitar e recibir da Axencia Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos á situación de débeda referentes:
  - Á miña persoa
  - Á entidade que represento

- NON AUTORIZO** a recabar a información.

*(Márquese o que proceda)*

<b>LUGAR E DATA:</b>	
En.....a.....de.....de 2026.	SIGNATURA

